

# Dictamen

( 1/96 )



CES  
GALICIA

Consello Económico e Social de Galicia

# Dictamen

( 1/96 )

**I. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS VENDAS EN REBAIXAS E SE ESTABLECEN AS DÚAS TEMPADAS ANUAIS DAS MESMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**II. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAMENTA A IMPLANTACIÓN DE GRANDES ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA E CREASE A COMISIÓN CONSULTIVA DE EQUIPAMENTOS COMERCIAIS.**

**III. PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN OS HORARIOS COMERCIAIS NO ÁMBITO DE COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

## ANTECEDENTES



1. Con data 23 de Abril de 1996 tiveron entrada neste organismo dous escritos da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Industria e Comercio de data 17.04.96 (R.5089) e 19.04.96 (R. 5083) en solicitude de suxerencias e/ou propostas sobre:

I.- Proxecto de Decreto polo que se regulan as vendas en rebaixas e se establecen as dúas tempadas anuais das mesmas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

II.- Proxecto de Decreto polo que se regulamenta a implantación de Grandes Establecementos Comerciais na Comunidade Autónoma Galega e crease a Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.

III.- Proxecto de Decreto polo que se regulan os horarios comerciais no ámbito de Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Con data 23 de Abril remitiuse copia da documentación recibida ós membros do Consello e na sesión celebrada polo Pleno o día 29 de Abril, adoptouse o acordo de delegar na Comisión Permanente a elaboración e aprobación do Dictamen correspondente, habida conta de que aínda non estaban constituídas as correspondentes Comisións Sectoriais de traballo.

3. Tras conversas telefónicas mantidas polo Presidente do Consello có Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio e o Ilmo. Sr. Director Xeral de Comercio e Consumo autorizouse unha prudencial ampliación do prazo inicialmente sinalado para a evacuación do Dictamen, tendo precisamente en conta a fase de auto-organización na que se encontra o Consello. Con data 13 de Maio deuse traslado ó Excmo. Sr. Conselleiro de Industria e Comercio dos acordos adoptados pola Comisión Permanente en orde ó procedemento a seguir para a elaboración do Dictamen e o prazo previsto para a súa remisión.

4. Con data 9 de Maio a Comisión Permanente estableceu o programa de traballo para abordar a elaboración do Dictamen requerido, fixando prazos para a remisión ó Consello dos textos das propostas das diferentes organizacións e entidades representadas na Comisión Permanente sobre as cuestións suscitadas pola Consellería de Industria e Comercio e para a elaboración da proposta de Dictamen e posterior aprobación do mesmo pola referida Comisión.

5. O Sindicato U.G.T. de Galicia, o Sindicato Nacional CC.OO. de Galicia, a C.E.G., o Sindicato Labrego Galego e a Asociación de Usuarios e Consumidores remitiron, dentro do prazo sinalado, á Secretaría do Consello propostas concretas sobre os temas plantexados, que foron remitidas para seu coñecemento a tódolos membros da Comisión Permanente con data 20 de Maio.

6. Na sesión celebrada con data 22 de Maio a Comisión Permanente debateu as propostas presentadas e aprobou o seguinte

## Dictamen

### **I. SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS VENDAS EN REBAIXAS E SE ESTABLECEN AS DÚAS TEMPADAS ANUAIS DAS MESMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

O Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían introducirse as seguintes modificacións no seu articulado:

**Artigo 3, párrafo primeiro:** *debería suprimirse.*

A esixencia ó comerciante de dispor de “existencias suficientes de produtos idénticos” para poder ofertar rebaixas é un plantexamento dificilmente asumible, non só pola inseguridade xurídica que conleva un termo tan impreciso como “suficiente” senon polo feito de que tal imposición rompe dalgunha maneira coa propia filosofía das rebaixas.

En efecto, éstas teñen unha dobre finalidade, por un lado permiten ó comerciante dar saída a unha serie de produtos de tempada que de non ser por este sistema probablemente quedarían sen vender, có conseguinte perxuício pola carga financeira que elo supón, xunto a incertidume ó descoñecer si na próxima tempada vanse poder vender ou non como consecuencia das modas. Por outra banda supón un beneficio para o comprador na medida que adquire un produto de calidade e de tempada, aínda que sexa ó remate da mesma, a un bo prezo.

O feito de que estemos falando de produtos que non poideron ser vendidos ó longo da propia tempada é consustancial coa posibilidade certa de que quede pouco número de produtos idénticos. É mais probable que queden pouco número de distintos produtos que moitos exemplares dun mesmo produto.

